MANUAL DO USUARIO

1.- Os menús.

Esta contorna manéxase exactamente igual que como calquera sitio web. Na parte superior está a barra de menús. Fai clic nun dos botóns para despregar a lista e escoller a opción desexada. Algunha das opcións presentará un submenú no que poderás escoller outras opcións.



2.- Os contidos.

Atoparás libros ou páxinas web que presentarán información útil para logo facer as actividades. Nos libros, basta con aproximar o punteiro do rato á parte dereita ou esquerda das páxinas e facer clic para pasar de páxina; nas páxinas web haberá que usar a barra de desprazamento situada na parte dereita.

A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Galicia, acolléndose ó dereito constitucional, constituíuse en Comunidade Autónoma cando, en 1981, aprobouse o seu Estatuto de Autonomía, que é a lei máis importante de Galicia despois da Constitución.

No menú Contidos > HTML tes o enlace para descargar o Estatuto de Autonomía de Galicia en PDF

Na actualidade estase a traballar na reforma do Estatuto para adaptalo ás necesidades actuais de Galicia. No Estatuto de Autonomía regúlanse as competencias que corresponden á Comunidade e as súas principais institucións de goberno. Este Estatuto establece que a capital de Galicia é Santiago de Compostela, onde están as principais institucións de goberno de Galicia.

Galicia é unha Comunidade pluriprovincial formada por catro provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

7

As catro provincias galegas.

8

3.- As actividades.

Aparecerán unha nova pestana ou xanela emerxente para que poidas minimizala e consultar a información dos contidos:

O primeiro de todo será ler o enunciado para saber o que tes que facer dentro da área de traballo. A medida que vaias completando con acerto partes da tarefa (nalgúns casos toda) irán aparecendo os acertos e os intentos no pequeno recadro da parte superior dereita. Unha vez creas que está todo correcto, pulsa no botón de verificación da parte inferior dereita; se hai algo que non está ben, aparecerá unha mensaxe de erro e terás a oportunidade de corrixir a actividade. No recadro de ligazóns podes facer clic nun dos números para abrir ou repetir o exercicio correspondente. Coas frechas da parte inferior podes saltar á actividade anterior ou á seguinte. Se picas no "X" da parte superior dereita pecharase a xanela das actividades.

4.- Actividades de inglés.

No elemento de menú "Activities" atoparás algunhas actividades en lingua inglesa relacionadas cos contidos a traballar:



5.- Actividades de repaso.

No elemento de menú "Repaso" atoparás unha serie de tests para ver se lembraches o traballado:



6.- Web.

Desde este menú poderás acceder a xogos educativos en liña e vídeos por se queres afondar un pouco máis no mundo da xeografía galega:

7.- Mapa conceptual.

En cada unha das seccións atoparás un esquema-resumo cos principais termos estudados e as súas relacións:



8.- Galerías.

Desde esta opción do menú aparecerá unha páxina na que se presentan unha serie de fotografías en miniatura:

Cando situamos o rato enriba dunha delas, aparece unha breve descrición da mesma:

Facendo clic nunha das miniaturas poderás ver a foto a gran tamaño e acceder a uns comentarios ou cousas curiosas sobre a mesma:

9.- Tipos de actividades.

Nos distintos paquetes atoparás unha serie de actividades distintas coas que traballar:

9.1.- Panel Gráfico

Neste tipo de actividade aparecerá un punto parpadexando na imaxe e terás que facer clic no nome correspondente dos que aparecen nos botóns da parte dereita.

Noutras ocasións, en vez de picar no nome correspondente, terás que facer clic na caixa asociada coa liña de puntos e escribir o nome asociado:

9.2.- Relacionar frases.

Aquí temos un par de caixas. Facendo clic nas frechas superior ou inferior de cada unha delas terás que facer coincidir o texto da caixa esquerda co da dereita (a veces nunha das caixas en vez de texto verás unha imaxe) e logo premer no botón de verificar:



9.3.- Xogo do aforcado.

Neste xogo terás que ir picando nas letras que creas que forman parte do nome a descubrir. Terás un número limitado de erros. Haberá veces que teñas que picar no espazo en branco para separar palabras tamén. Se non dás feito e queres repetir a actividade, pica no botón de actualizar páxina do navegador.

9.4.- Completar texto.

Neste tipo de actividade terás que completar un texto con palabras, xa sexa despregando as listas e seleccionando a palabra correcta (como se ve na imaxe), picar nos botóns coas palabras e, sen soltar o botón do rato arrastralas ós seus ocos ou escribir en cadanseu campo a palabra axeitada. Cando todo estea OK, pica no botón [?].



9.5.- Encrucillado.

Terás que ler as definicións (tamén pode haber imaxes ou sons) que aparecen na parte dereita e escribir as palabras no encrucillado. Sitúa o cursor nunha cela facendo clic nela e observa a definición. Para ver a definición horizontal ou vertical, terás que facer clic no recadro da parte superior dereita "ab" e así cambiar a forma de introducir as letras. Cando todo estea OK, pica no botón [?].



9.6.- Puzzle.

En primeiro lugar, faremos dobre clic enriba do puzzle para que apareza durante algúns segundos a imaxe a formar. Logo picaremos nunha das pezas e, sen soltar o botón do rato, arrastrarémola ó recadro correspondente.

9.7.- Relacionar palabras.

Esta é a típica actividade de "unir con frechas". Picamos nunha das palabras da esquerda e logo picamos na correspondente palabra da dereita. Se nos equivocamos, basta con facer dobre clic na palabra e a unión desaparecerá. Cando estean listas tódalas unións, pulsaremos no botón de verificación [?].



9.8.- Sopa de letras.

Busca as palabras que se che piden na sopa. Cando atopes unha, pulsa na primeira letra e arrastra sen soltar ata a última letra da palabra. Lembra que as palabras poden situarse en horizontal, vertical ou diagonal, como podes ver na imaxe, aínda que nunca estarán ó revés. Cando atopas unha palabra, a súa definición aparecerá cunha marca verde. Ás veces poderá haber tamén imaxes e/ou sons, que aparecerán cando fagas clic nos pequenos recadros da dereita da sopa.



9.9.- Xogo de memoria.

Este xogo ten un tempo límite. Pica nos recadros para buscar as parellas de palabras ou imaxes/sons que teñan relación. Cando atopes unha parella pulsando en dous recadros de forma consecutiva, esta quedará fixa; se non os recadros ocultaranse de novo. Se esgotas o tempo e queres reiniciar a actividade, fai clic no botón de recargar a páxina do navegador. Lembra botar un ollo de canda en vez ó reloxo da parte superior dereita para ver o tempo que che queda.



9.10.- Seleccionar palabras para corrixir.

Nesta actividade preséntase un texto e teremos que corrixir unha serie de palabras. Faremos clic na palabra a corrixir e usaremos o teclado para mover o cursor entre as letras da palabra e introducir os cambios. Cando rematemos de corrixir tódalas palabras, pulsaremos no botón de verificación.



9.11.- Test.

Exponse unha pregunta e danse varias opcións para marcar. Pode ser que haxa que marcar só unha casa ou varias. Unha vez marcadas pulsa no botón de verificación.



9.12.- Seleccionar palabras dun parágrafo.

Neste tipo de actividade hai que premer primeiro nun dos rectángulos coloreados da parte inferior do texto e logo facer clic nas palabras que teñan relación coa palabra do rectángulo. Se nos equivocamos basta con volver a facer clic na palabra seleccionada para facer que se deseleccione. Unha vez marcadas todas, pulsa no botón de verificación.



9.13.- Seleccionar partes dunha imaxe.

Aparecerá unha imaxe e na parte inferior da mesma un texto que nos indicará en que parte da imaxe teremos que facer clic co rato. Se acertamos, na imaxe aparecerá un texto amosando a resposta correcta e o texto da parte inferior cambiará indicándonos a seguinte zona na que facer clic. Se fallamos aparecerá unha mensaxe de erro e teremos opción a pensar de novo e facer clic nunha nova zona.

9.14.- Álbum.

Consiste nunha serie de imaxes e textos onde teremos que picar e arrastrar sen soltar unha imaxe enriba do seu correspondente texto ou un texto embaixo da súa correspondente imaxe. Noutras ocasións tamén pode ser que teñamos que escribir o texto para cadansúa imaxe ou colocar tódolos textos e imaxes en orde. Cando pensemos que tódalas imaxes e textos están ben colocados, faremos clic no botón de verificación:

9.15.- Ordenar palabras.

Nesta actividade aparecerán unha serie de palabras ou números que teremos que ordenar de esquerda a dereita para formar unha oración con sentido e finalmente pulsar no botón de verificación para ver se o fixemos ben.

9.16.- Táboas.

Aquí preséntanse unha serie de palabras na columna da esquerda e outras na fila superior. Nas celas centrais hai casas para marcar. Terás que relacionar un elemento da columna da esquerda con outro da fila superior marcando a casa da cela onde se cruza a fila e a columna correspondente. Polo xeral só terás que marcar unha casa de cada fila. Cando remates fai clic no botón de verificación.



9.17.- Auto-ditados.

Aparecerá un reprodutor de audio. Pulsa no botón de "play" da parte esquerda para escoitar as palabras ou oracións e logo trata de escribir o texto na caixa inferior. Lembra que a maioría das veces terás que comezar sempre con letra maiúscula e rematar a oración cun punto. Podes escoitar o ditado as veces que queiras pulsando de novo no botón "play". Cando remates pulsa no botón de verificación e, se tes algunha palabra mal escrita, esta aparecerá en vermello para facilitarche a corrección.



9.18.- Clasificar.

Neste tipo de actividade aparecerán dúas ou máis caixas na parte inferior nas que haberá que "introducir" os elementos que vaian aparecendo na parte superior. Estes elementos poderán ser sons, imaxes ou textos. Cando apareza un elemento terás que pulsar enriba da caixa á que pertenza para que apareza o seguinte:

9.19.- Seleccionar imaxes/sons.

Aquí presentaranse unha serie de imaxes ou sons dentro do espazo de traballo e terás que marcar ou seleccionar un ou varios, dependendo do que se che pida. Finalmente fai clic no botón de verificación [?] para ver se a resposta é correcta:



9.20.- Ordenar frases.

Aparecerán unha serie de frases ou parágrafos que terás que ordenar de arriba a abaixo segundo o criterio que apareza no enunciado. Para iso basta picar nelas e arrastralas ó sitio apropiado. Cando estean ordenadas fai clic no botón de verificación.



9.21.- Completar palabras.

Nesta actividade aparecerán unha serie de palabras ás que lle falta algunha sílaba. Na parte esquerda aparecen varias opcións para completala. Cando pos o punteiro do rato enriba dunha das opcións, a palabra aparece temporalmente completada con esa opción debaixo do gráfico. Simplemente fai clic enriba da opción se cres que é a opción correcta.



8.22.- Simetrías, traslacións e xiros.

Na grella esquerda aparece o modelo a reproducir. Pode ser que haxa que reproducilo tal e como está na grella da dereita ou facer a figura simétrica respecto do eixo vertical que divide as dúas grellas:



Na parte dereita podes seleccionar a cor (a cor coa que vas "pintar" os recadros aparecerá enmarcada no recadro máis grande da parte inferior dereita), e tamén na parte inferior a forma das pezas que vas aplicar a cada un dos recadros da grella (hai 5 formas distintas). Se te equivocas podes facer clic no cadrado cun X e logo picar nos recadros xa coloreados na grella para borrar o que precises.

José M. Boo - Xuño 2014